


**RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DENOMINADA “AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS SOCIAIS” DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO.**

No Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 11:00 horas do día 13 de novembro de 2017, reúnense os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir interinamente, mediante concurso oposición, unha praza de auxiliar administrativo de Servizos Sociais, segundo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 152, de data 9 de agosto de 2017, coa asistencia dos seguintes membros:


Presidente: D. Alfonso Rubio Cordón, funcionario da Xunta de Galicia.

Secretario: D. Manuel Leiro Oubiña, funcionario da Deputación de Pontevedra

Vogais:


- 
- D<sup>a</sup>. Concepción Gómez Bouza, funcionaria da Xunta de Galicia
  - D. Cristóbal González González, funcionario da Deputación de Pontevedra
  - D. Andrés Carlos Fernández Lucas, funcionario da Deputación de Pontevedra

O obxecto da reunión é resolver a reclamación presentada a unha pregunta do primeiro exercicio-tipo test- do proceso selectivo convocado para cubrir interinamente un posto de auxiliar administrativo de Servizos Sociais, adoptándose polo Tribunal o seguinte acordo:




Mediante escrito rexistrado con data 7 de novembro de 2017 D<sup>a</sup>. María del Carmen Lorenzo Prado, participante no proceso selectivo convocado polo Concello das Salvaterra de Miño para cubrir unha praza de auxiliar administrativo solicita a anulación da pregunta nº 9 do primeiro exercicio, tipo test, realizado o 6 de novembro de 2017 ao considerar que ningunha resposta é correcta.

Sinala literalmente a reclamante o seguinte:




**1.- Que la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria (en adelante LGT) en su artículo 165 de la Suspensión del procedimiento de apremio, dice literalmente lo siguiente:**

*“1. El procedimiento de apremio se suspenderá en la forma y con los requisitos previstos en las disposiciones reguladoras de los recursos y reclamaciones económico-administrativas, y en los restantes supuestos previstos en la normativa tributaria.*




**2. El procedimiento de apremio se suspenderá de forma automática por los órganos de recaudación, sin necesidad de prestar garantía, cuando el interesado demuestre que se ha producido en su perjuicio error material, aritmético o de hecho en la determinación de la deuda, que la misma ha sido ingresada, condonada, compensada, aplazada o suspendida o que ha prescrito el derecho a exigir el pago.**




3. Cuando un tercero pretenda el levantamiento del embargo por entender que le pertenece el dominio o titularidad de los bienes o derechos embargados o cuando considere que tiene derecho a ser reintegrado de su crédito con preferencia a la Hacienda Pública, formulará reclamación de tercería ante el órgano administrativo competente.

4. Si se interpone tercería de dominio se suspenderá el procedimiento de apremio en lo que se refiere a los bienes y derechos controvertidos, una vez que se hayan adoptado las medidas de aseguramiento que procedan.

5. Si la tercería fuera de mejor derecho proseguirá el procedimiento hasta la realización de los bienes y el producto obtenido se consignará en depósito a resultas de la resolución de la tercería”.



2.- Que la respuesta b) ha omitido “**el interesado**” de la oración, e indica únicamente “**se demuestre**”, sin precisar quién. De la redacción de la respuesta se entiende que la demostración puede provenir de cualquiera, tanto de oficio como de parte del interesado. Pero en virtud de la literalidad del artículo 165.2 de la LGT, la carga de la prueba recae exclusivamente en el interesado. En consecuencia, la respuesta b) **NO ES CORRECTA**.




3.- En base a lo expuesto, la pregunta 9, al no disponer de ninguna respuesta correcta, es NULA. Por ende, debe ser anulada y sustituida por la primera pregunta de reserva.

Á vista desta reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan o seguinte:

En primeiro lugar é necesario traer a colación o teor literal da pregunta nº 9:


9. O procedemento de costringimento...

a).- Para suspendelo sempre se esixirán o pago ou ben as garantías legalmente establecidas.



b).- **Suspenderase de forma automática, sen garantías, cando se demostre erro material, aritmético ou de feito na determinación da débeda tributaria.**

c).- *Suspéndese, dándose por terminado o devandito procedemento, por falecemento do debedor.*



Pois ben, en opinión dos membros do Tribunal o enunciado da pregunta así como as posibles respostas non dan lugar a dúbida a que a afirmación correcta é a sinalada na plantilla de correccións como letra b) en base aos seguintes argumentos:

Primeiro: A pregunta non está limitada ao disposto no artigo 165.2 da Lei Xeral Tributaria, senón que fai referencia a normativa xeral ao respecto.




Segundo: Aínda que o interesado deba ser o que demostre o erro na determinación da débeda tributaria, no caso de que él sexa o que o aprecie, esta circunstancia non implica que a Administración poida acordar de oficio a suspensión do procedemento de determinación de débeda tributaria se aprecia a existencia de erros materiais, aritméticos ou de feito. Neste senso, os artigos 220.1. da propia Lei Xeral Tributaria e 109.2 da Lei 39/2015, corroboran o exposto anteriormente.

En consecuencia, á vista de todo o exposto, o Tribunal acorda desestimar a alegación presentada por D<sup>a</sup>. María del Carmen Lorenzo Prado e ratificar a validez da pregunta nº 9 e a súa resposta correcta (letra b) notificándoselle individualmente ao aspirante que reclamou o acordo do Tribunal que resolve as mesmas.


E non sendo outro o obxecto da reunión, pola Presidencia dáse por finalizada a mesma, sendo as 12:30 horas do día arriba indicado, estendéndose a presente acta de todo o que, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE



Alfonso Rubio Cordón

VOGAL




Concepción Gómez Bouza

O SECRETARIO



Manuel Leiro Oubiña

VOGAL



Cristobal González González

VOGAL



Andrés Carlos Fernández Lucas